



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Xaneiro 2019**

Santiago de Compostela, 08 de marzo de 2019

**Instituto Galego de Estatística**  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Xaneiro 2019

- O Índice de producción industrial de Galicia (IPI) rexistrou en xaneiro de 2019 un decrecemento do 1,7% con respecto a xaneiro de 2018; a nivel nacional rexistrouse unha subida do 1,8%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo decreceron un 1,3%, os de equipo caeron un 1,8% e os intermedios diminuíron un 6,7%. Pola contra, a enerxía creceu un 3,2%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas negativas corresponden á “metalurxia” que resta 1,2 puntos, á “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que resta 1,0 puntos e á “confección de roupa de vestir” que resta 0,5 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as ramas con maiores achegas positivas destacan a “producción de enerxía eléctrica” que achega 1,1 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que suma 0,8 puntos á taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Xaneiro 2019

| Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en % | Índice                  | VARIACIÓNS (%) |                   |      |
|--|-------------------------|----------------|-------------------|------|
|  |                         | Interanual     | No que vai de ano |      |
| <p>■ Interanual<br/>■ No que vai de ano</p>                      | <b>Xeral</b>            | 106,6          | -1,7              | -1,7 |
|  | <b>Bens de consumo</b>  | 97,9           | -1,3              | -1,3 |
|  | <b>Bens de equipo</b>   | 94,9           | -1,8              | -1,8 |
|  | <b>Bens intermedios</b> | 113,7          | -6,7              | -6,7 |
|  | <b>Energía</b>          | 118,9          | 3,2               | 3,2  |

## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de xaneiro de 2019 en Galicia acadou unha taxa interanual do -1,7%, empeorando en 0,5 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-1,2%). En España rexistrouse un avance do 1,8%, mellorando en 6,0 puntos a taxa acadada no mes anterior (-4,2%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan unha diminución do 1,3%, o que ten unha repercusión negativa de 0,3 puntos no conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un retroceso do 1,8%, o que resta 0,4 puntos.
- Os **bens intermedios** decreceron un 6,7% cunha repercusión negativa de 1,9 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que sube un 3,2% achegando 0,9 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de decembro de 2018, por destino económico, os bens de consumo melloran 1,3 puntos, os bens de equipo empeoran 1,8 puntos, os bens intermedios melloran 4,6 puntos e a enerxía empeora 4,7 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan as maiores achegas negativas á taxa interanual de xaneiro foron: a “metalurxia” que resta 1,2 puntos, a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que resta 1,0 puntos e a “confección de roupa de vestir” que resta 0,5 puntos á taxa interanual


No que respecta ás repercusións positivas, destacan a “produción de enerxía eléctrica” que achega 1,1 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que suma 0,8 puntos á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o -6,3% de La Rioja e o 7,7% de Navarra. Ademais da devandita, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Comunidad de Madrid (6,6%), Castilla - La Mancha (4,7%), País Vasco (2,6%), Castilla y León (2,5%) e Canarias (2,4%).

#### IPI xaneiro 2019

#### Taxas de variación interanual en %



#### **4. Evolución do índice**

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.

#### **Notas metodolóxicas**

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España, recolléndose en Galicia uns 1.600 datos.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xaneiro 2019**

|                  | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) |                   | REPERCUSIÓNS (%) |                   |
|------------------|--------|----------------|-------------------|------------------|-------------------|
|                  |        | INTERANUAL     | NO QUE VAI DE ANO | INTERANUAL       | NO QUE VAI DE ANO |
| <b>Galicia</b>   |        |                |                   |                  |                   |
| Xeral            | 106,6  | -1,7           | -1,7              | --               | --                |
| Bens de consumo  | 97,9   | -1,3           | -1,3              | -0,3             | -0,3              |
| Bens de equipo   | 94,9   | -1,8           | -1,8              | -0,4             | -0,4              |
| Bens intermedios | 113,7  | -6,7           | -6,7              | -1,9             | -1,9              |
| Enerxía          | 118,9  | 3,2            | 3,2               | 0,9              | 0,9               |
| <b>España</b>    |        |                |                   |                  |                   |
| Xeral            | 107,2  | 1,8            | 1,8               | --               | --                |
| Bens de consumo  | 105,5  | 2,8            | 2,8               | 0,7              | 0,7               |
| Bens de equipo   | 105,7  | 3,2            | 3,2               | 0,7              | 0,7               |
| Bens intermedios | 109,2  | -0,1           | -0,1              | 0,0              | 0,0               |
| Enerxía          | 107,8  | 1,8            | 1,8               | 0,4              | 0,4               |

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xaneiro 2019**

| Ramas   | VARIACIÓNS (%) |             |                   |             | Ponderacións |
|---|----------------|-------------|-------------------|-------------|--------------|
|   | Interanual     | Repercusión | No que vai de ano | Repercusión |              |
| <b>Total</b>  | <b>-1,7</b>    |             | <b>-1,7</b>       |             |              |
| Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire                  | 4,9            | 1,1         | 4,9               | 1,1         | 22,3         |
| Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento      | 9,8            | 0,8         | 9,8               | 0,8         | 7,7          |
| Industria da alimentación   | 2,3            | 0,3         | 2,3               | 0,3         | 13,2         |
| Fabricación de bebidas  | 2,3            | 0,1         | 2,3               | 0,1         | 3,5          |
| Industria téxtil  | 6,3            | 0,0         | 6,3               | 0,0         | 0,6          |
| Industria do papel  | 1,2            | 0,0         | 1,2               | 0,0         | 2,2          |
| Fabricación de produtos de caucho e plásticos                         | 1,0            | 0,0         | 1,0               | 0,0         | 2,5          |
| Fabricación doutros produtos minerais non metálicos                   | -0,5           | 0,0         | -0,5              | 0,0         | 2,6          |
| Outras industrias manufactureiras                                     | -6,6           | 0,0         | -6,6              | 0,0         | 0,5          |
| Fabricación doutro material de transporte                             | -3,7           | -0,1        | -3,7              | -0,1        | 2,0          |
| Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.                        | -4,4           | -0,1        | -4,4              | -0,1        | 2,0          |
| Outras industrias extractivas   | -15,3          | -0,1        | -15,3             | -0,1        | 1,1          |
| Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques         | -1,4           | -0,1        | -1,4              | -0,1        | 13,1         |
| Industria química   | -10,4          | -0,2        | -10,4             | -0,2        | 1,5          |
| Fabricación de mobles   | -25,1          | -0,2        | -25,1             | -0,2        | 1,1          |
| Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría | -7,1           | -0,3        | -7,1              | -0,3        | 3,6          |
| Fabricación de material e equipamento eléctrico                       | -18,5          | -0,3        | -18,5             | -0,3        | 1,4          |
| Confección de roupa de vestir   | -14,0          | -0,5        | -14,0             | -0,5        | 4,1          |
| Reparación e instalación de maquinaria e equipamento                  | -26,1          | -1,0        | -26,1             | -1,0        | 4,1          |
| Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes    | -20,2          | -1,2        | -20,2             | -1,2        | 5,1          |
| Coquerías e refinación de petróleo                                    | *              | *           | *                 | *           | *            |
| Industria do coiro e do calzado                                       | *              | *           | *                 | *           | *            |
| Fabricación de produtos farmacéuticos                                 | *              | *           | *                 | *           | *            |
| Captación, depuración e distribución de auga                          | *              | *           | *                 | *           | *            |
| Artes gráficas e reprodución de soportes gravados                     | *              | *           | *                 | *           | *            |
| Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos          | *              | *           | *                 | *           | *            |
| Industria do tabaco   | -              | -           | -                 | -           | -            |

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xaneiro 2019**

| CCAA                 | ÍNDICE       | VARIACIÓN (%) |                   |
|----------------------|--------------|---------------|-------------------|
|                      |              | INTERANUAL    | NO QUE VAI DE ANO |
| <b>España</b>        | <b>107,2</b> | <b>1,8</b>    | <b>1,8</b>        |
| Galicia              | 106,6        | -1,7          | -1,7              |
| Andalucía            | 109,7        | 0,1           | 0,1               |
| Aragón               | 106,6        | 1,2           | 1,2               |
| Asturias             | 109,4        | 1,6           | 1,6               |
| Baleares (Illes)     | 85,0         | -5,0          | -5,0              |
| Canarias             | 98,3         | 2,4           | 2,4               |
| Cantabria            | 117,2        | -0,2          | -0,2              |
| Castilla - La Mancha | 106,0        | 4,7           | 4,7               |
| Castilla y León      | 97,3         | 2,5           | 2,5               |
| Cataluña             | 110,0        | 0,4           | 0,4               |
| Comunitat Valenciana | 104,2        | 1,2           | 1,2               |
| Extremadura          | 101,6        | -3,2          | -3,2              |
| Madrid               | 107,3        | 6,6           | 6,6               |
| Murcia               | 109,4        | 1,5           | 1,5               |
| Navarra              | 111,4        | 7,7           | 7,7               |
| País Vasco           | 109,9        | 2,6           | 2,6               |
| Rioja (La)           | 91,5         | -6,3          | -6,3              |

Fonte: INE